# Guía de instalación




XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL

TAMARA FERNÁNDEZ AMOSA

Licenzas por formación 2024-2025

CC BY SA

ÍNDICE

1. INSTALACIÓN OFFLINE E ONLINE 3

2. INSTALACIÓN DO RECURSO NA AULA VIRTUAL MOODLE 4

3. INSTALACIÓN DO RECURSO COMO PAQUETE SCORM NA AULA VIRTUAL MOODLE 8

## 1. INSTALACIÓN OFFLINE E ONLINE

Este ODE preséntanse en formato html nun cartafol comprimido chamado ODE2_WelcometoPortsmouth.zip. Este cartafol pode almacenarse no disco duro e, tras extraer os ficheiros, executarse dende o arquivo index.html, polo que e posible a súa utilización sen conexión a internet. Tamén pode aloxarse nun servidor web. Funciona cos principais navegadores web e cos sistemas operativos Android, Windows e iOS, polo que é posible utilizalo en móbiles e tabletas.

Para visualizar o recurso en móbiles e tabletas Android, pode empregarse o aplicativo libre eXeReader, utilizando sempre unha versión actualizada do navegador.

Para editar o recurso, ha de empregarse a ferramenta de código aberto eXelearning, que debe instalarse no equipo. Pode buscarse o arquivo ODE2_WelcometoPortsmouth.elp do cartafol comprimido ou ben abrir o recurso e procurar Descargar arquivo fonte. Seguidamente, séguense estes pasos:

1. Descargar o arquivo ODE2_WelcometoPortsmouth.elp no equipo.
2. Abrir o aquivo ODE2_WelcometoPortsmouth.elp con Exelearning.
3. Editar e exportar o recurso.

2. INSTALACIÓN DO RECURSO NA AULA VIRTUAL MOODLE

Para inserir este recurso na aula virtual Moodle, debe descargarse o ficheiro ODE2_WelcometoPortsmouth.zip no equipo e seguir estes pasos:

1. Acceder á aula virtual Moodle, elixir un curso e premer en *Activar edición*.

2. Premer en *Engadir unha actividade ou recurso* e elixir *Ficheiro*.




**Ilustración 1**

3. Completar os datos de *Nome* e *Descrición do recurso*.

4. Na sección de *Ficheiros seleccionados,* crear un cartafol na icona e poñerlle nome.




**Ilustración 2**




**Ilustración 3**

5. Premer no novo cartafol e facer clic na icona de *Ficheiro* para agregar o cartafol ODE2_WelcometoPortsmouth.zip premendo en *Enviar este ficheiro*.




**Ilustración 4**

6. Premer sobre o cartafol subido e seleccionar *Descomprimir*.




**Ilustración 5**

7. Premer no arquivo index.html, seleccionar a opción *Establecer como ficheiro principal* e premer en *Actualizar*.




**Ilustración 6**

8. Por último, premer en *Gardar e volver ao curso*.




**Ilustración 7**

3. INSTALACIÓN DO RECURSO COMO PAQUETE SCORM NA AULA VIRTUAL MOODLE

Para instalar o ODE como Paquete Scorm na aula virtual Moodle, ha de exportarse dende eXelearning seguindo estes pasos:

1. Abrir eXelearning e premer en *Ficheiro* > *Abrir*. Despois, procurar o arquivo ODE2_WelcometoPortsmouth.elp no equipo.

2. Premer en *Exportar* > *Estándar educativo* > *SCORM 1.2.*




**Ilustración 8**

3. Acceder á aula virtual Moodle e premer en *Activar edición* no curso onde se desexe instalar o recurso.

4. Seleccionar *Engadir una actividade ou recurso* e premer en *Actividades* > *Paquete SCORM.*




**Ilustración 9**

5. Completar os campos de *Nome* e *Descrición* e premer na icona para engadir o ficheiro de paquete.




**Ilustración 10**

6. Buscar no equipo o cartafol ODE2_WelcometoPortsmouth.zip creado no paso 1. Despois, premer en *Enviar este ficheiro* e agardar a que cargue.




**Ilustración 11**

7. Por último, premer en *Gardar e volver ao curso*.